

DECRETO NÚMERO 17008970 DO 17/10/2017

Ilma. Sra. Dona Ana María González Abelleira, Tenenta de Alcalde- Delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Inclusión.

Instruído o expediente relativo a: VII Certame de fotografía “Revelando o Machismo”

Visto o Informe-proposta da Avogada e Responsable técnica da Casa da Muller de data 2 de agosto de 2017 no que se establecen as bases do VII Concurso de Fotografía “Revelando o Machismo”, o cal ten o seguinte teor literal

“INFORME-PROPOSTA RELATIVO Ó VII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “REVELANDO O MACHISMO”, Ó VII CONCURSO DE NARRATIVA XUVENIL “ENTRE IGUAIS”, E AO CONCURSO DE DESEÑO GRÁFICO “A VIOLENCIA DE XÉNERO”

Co fin de facer visible a preocupación e rechazo pola violencia contra as mulleres, unha das violacións de dereitos humanos máis habituais e silenciadas na nosa sociedade, a Casa da Muller, dentro das actuacións do “III Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo”, convoca o **VII CERTAME DE FOTOGRAFÍA “REVELANDO O MACHISMO”**, de acordo cas seguintes bases:

1.- PARTICIPANTES. Todas as persoas que o desexen.

2.- PRESENTACIÓN. Os traballos serán orixinais. Deberán plasmar calquera imaxe relativa á desigualdade entre homes e mulleres, o sexismo, a violencia de xénero, etc. O tamaño das fotografías será de 20 x 30 centímetros como mínimo e 40 x 50 centímetros como máximo. Presentaranse sobre cartolina branca ou cartón ríxido de 50 x 70 centímetros, e cuxo grosor non exceda de 1,5 centímetros. Admitiranse traballos tanto en branco e negro coma en cor. O soporte de presentación das fotografías será en papel tradicional, analóxico ou químico, ademais de, no caso de ser premiados, o negativo para fotos feitas con cámara analóxica e cd se o é con cámara dixital.

Os traballos enviaranse sen remite e, baixo lema, indicando no sobre VI CERTAME DE FOTOGRAFÍA “REVELANDO O MACHISMO”. Nun sobre pechado e baixo o mesmo lema, indicaranse o nome e apelidos, D.N.I., enderezo, idade e teléfono da autora ou do autor.

3.- NÚMERO DE TRABALLOS. Cada participante poderá presentar un máximo de tres, dos que só un poderá ser premiado.

4.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN . Os traballos serán enviados á Casa da Muller, avda. da Coruña, 212 (parque da Milagrosa), 27003 Lugo, ata as 13 horas do día 27 de outubro de 2017.

5.- PREMIOS.

1º PREMIO. Diploma e premio dotado con 600 €.

FINALISTA. Diploma.

No caso de que a xuízo do xurado os traballos non tivesen a suficiente calidade, contéplase a posibilidade de deixar un ou varios premios desertos.

6.- XURADO. Estará integrado por:

A Concelleira de Benestar Social, Igualdade e Inclusión.

Unha ou un representante do Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade do Concello de Lugo.

Unha persoa experta en fotografía.

Unha técnica ou un técnico da Casa da Muller.

7.- RESOLUCIÓN. A resolución do xurado, que se lles comunicará con antelación ás persoas gañadoras, farase pública na primeira quincena do mes de novembro de 2017.

8.- ENTREGA DE PREMIOS. Os premios serán entregados no transcurso dun acto que se anunciará oportunamente. O gañador ou a gañadora asume o compromiso de asistir aos actos de entrega de premios.

9.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS. Os traballos premiados quedarán a dispor do Concello de Lugo, que poderá expoñelos ou facer o uso deles que estime conveniente.

10.- DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS NON PREMIADOS. Os traballos non premiados poderán ser retirados até o día 29 de decembro de 2017.

11.- ACEPTACIÓN DAS BASES.- A participación no certame supón a aceptación total das súas bases e a decisión do xurado.

Para solicitar as bases ou máis información, poden dirixirse á Casa da Muller ou no teléfono 982 297 412. Tamén, a través do correo electrónico: cmuller@concellodelugo.org

Asimesmo, co fin de facer visible a preocupación e rechazo pola violencia contra as mulleres, unha das violacións de dereitos humanos máis habituais e silenciadas na nosa sociedade, a Casa da Muller convoca o **VII CERTAME DE NARRATIVA XUVENIL “ENTRE IGUAIS”**, de acordo cas seguintes bases:

1.- PARTICIPANTES. Rapazas e rapaces con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos.

2.- PRESENTACIÓN. Os traballos serán inéditos, escritos en lingua galega. O tema será libre, baseado en calquera aspecto relacionado coa igualdade entre mulleres e homes: o reparto das tarefas do fogar, o coidado das persoas, o acceso ao traballo, etc. A extensión máxima será de cinco folios. Presentaranse por triplicado.

Nun sobre co texto “**VII CERTAME DE NARRATIVA XUVENIL “ENTRE IGUAIS”**”, sen remite e baixo lema, introduciranse, por unha banda, os traballos e, por outra un segundo sobre, pechado e, baixo o mesmo lema, no que figuren o nome e apelidos, DNI, enderezo, data de nacemento e teléfono da autora ou autor.

3.- NÚMERO DE TRABALLOS. Cada participante poderá presentar un máximo de tres, dos que só un poderá ser premiado.

4.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN. Os traballos serán enviados á Casa da Muller, avda. da Coruña, 212 (parque da Milagrosa), 27003 Lugo, ata as 13 horas do día 1 de decembro de 2017.

5.- PREMIOS.-

Establécense dúas categorías.

CATEGORÍA DE 12 A 14 ANOS

1º PREMIO. Diploma e premio valorado en 200 €.

2º PREMIO. Diploma e premio valorado en 100 €.

3º PREMIO. Diploma e premio valorado en 60 €.

CATEGORÍA DE 15 A 18 ANOS

1º PREMIO. Diploma e premio valorado en 250 €.

2º PREMIO. Diploma e premio valorado en 150 €.

3º PREMIO. Diploma e premio valorado en 100 €.

No caso de que a xuízo do xurado os traballos non tivesen a suficiente calidade, contéplase a posibilidade de deixar un ou varios premios desertos.

6.-XURADO.- Estará integrado por:

A Concelleira de Benestar Social, Igualdade e Inclusión.

Unha ou un representante do Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade do Concello de Lugo.

Unha técnica ou un técnico da Casa da Muller.

Unha escritora ou escritor.

7.- RESOLUCIÓN.- A resolución do xurado, que se comunicará con antelación ás persoas gañadoras, farase pública na primeira quincena do mes de decembro de 2017.

8.- ENTREGA DE PREMIOS.- Os premios serán entregados no transcurso dun acto que se anunciará oportunamente.

9.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS. Os traballos premiados quedarán a dispor do Concello de Lugo, que poderá publicalos ou facer o uso deles que estime conveniente.

10.- DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS NON PREMIADOS. Os traballos non premiados poderán ser retirados até o día 29 de decembro de 2017.

11.- ACEPTACIÓN DAS BASES.- A participación no certame supón a aceptación total das súas bases e a decisión do xurado.

Para solicitar as bases ou máis información, poden dirixirse á Casa da Muller ou no teléfono 982 297 412. Tamén, a través do correo electrónico: cmuller@concellodelugo.org

Por outra banda, no próximo mes de novembro vaise celebrar o “DÍA INTERNACIONAL CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO”, e tendo en conta que é preciso deseñar o cartel anunciador do mesmo, así como os dípticos co programa e as actividades a levar a cabo durante todo o mes de novembro, e polo que convócase o **Concurso de Deseño Gráfico “VIOLENCIA DE XÉNERO”**, e faise necesario a impresión de dípticos que inclúan as bases do concurso e o premio que recibirá a autora ou autor do deseño que resulte gañador.

A efectos de elixir o cartel anunciador das actividades do mes de novembro de 2017, a Casa da Muller convoca o premio de deseño gráfico “**CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO**” de acordo cas seguintes bases:

“1.- Poderán concorrer cantos autores e autoras o desexen, con traballos de tamaño e técnica libres, que deberán ser presentados sobre soporte ríxido que facilite a súa posible exposición.

2.- Os deseños contribuirán a destacar o tema da violencia de xénero, tamén denominada violencia contra as mulleres, debéndose centrar no **tema contra da violencia de xénero**, valorándose, primordialmente, o impacto das posibles frases ou lema, que conteñan os deseños. Será requisito indispensable que figure o símbolo do Concello de Lugo e o logotipo da Casa da Muller.

3.- A autora ou autor do deseño que resulte gañador recibirá un premio dotado con 600 euros e agasallo.

4.- O cartel seleccionado quedará en poder do Concello de Lugo, que poderá reproducilo no tempo e maneira que estime oportunos. Os carteis presentados poderán ser expostos ó público.

- 5.- A entrega de orixinais, por correo ou persoalmente, na Casa da Muller do Concello de Lugo. Avda. da Coruña, 212 (Chalet Parque da Milagrosa).27003 Lugo, poderá efectuarse ata as 13 horas do día 20 de outubro de 2017.
- 6.- Os traballos deberán ser presentados de maneira anónima e baixo lema, en sobre adxunto, pechado e baixo o mesmo lema, indicarse o nome, D.N.I., enderezo e teléfono.
- 7.- O xurado estará integrado pola Concelleira de Benestar Social, Igualdade e Inclusión e persoal técnico da Casa da Muller, co asesoramento de deseñadoras e deseñadores.
- 8.- O xurado resérvase a facultade de declarar deserto o premio no caso de que estimase que ningún dos carteis ten méritos suficientes.
- 9.- A resolución do xurado, que se comunicará con antelación ó/a gañador/a, farase pública na última semana do mes de outubro de 2017.
- 10.- O premio será entregado no transcurso dun acto que se anunciará oportunamente. O gañador ou a gañadora asume o compromiso de asistir aos actos de entrega de premios.
- 11.- Os traballos non premiados poderán ser retirados ata o 29 de decembro de 2017.
- 12.- A participación no certame supón a aceptación das súas bases e a decisión do xurado. Para solicitar as bases ou máis información, poden dirixirse á Casa da Muller ou no teléfono 982 297 412. Tamén, a través do correo electrónico: cmuller@concellodelugo.org.

A continuación, detallo a previsión de gasto que vai orixinar dita actividade:

* Premios do VI Certame de Narrativa Xuvenil “Entre Iguais”.....	860’--	€
* Premio do VI Certame de Fotografía “Revelando o machismo”.....	600’--	€
* Premio do Concurso de Deseño Gráfico “Violencia de Xénero”.....	600’--	€
* Gastos impresión de dípticos e carteis certame deseño gráfico.....	676’34	€
* Gastos de pegada e reparto de carteis dos certames.....	33’88	€
TOTAL.....	2.770’22	EUROS

O que lle comunicamos á Intervención de Fondo para que informe da consignación presupuestaria para facer fronte ó gasto”

Visto a existencia de crédito e a conformidade da Intervención Xeral con data 18/08/2017

No uso das atribucións que lle confiren a Alcaldía os artigos 124 e 126 do texto vixente da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), atribución delegadas pola alcaldía segundo o seu Decreto 16008543 do 09/11/2016.

RESOLVO:

1.- A aprobación da bases do VII Certame de fotografía “Revelando o Machismo”

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados. Cúmprase.